

Cantas palabras!

Gústache coñecer o significado de moitas palabras? E utilizar palabras variadas? Seguramente si, e o máis probable é que che guste empregar unha linguaxe correcta e expresar o que pensas con precisión.

Ademais, os alumnos que se expresan ben comprenden case sempre as explicacións do mestre ou os textos dos libros.

A habilidade coa linguaxe axúdanos a comunicarnos e a coñecer o mundo que nos rodea, por iso é tan importante.

Podemos desenvolver esta capacidade de moitas formas: por exemplo, escouitando atentamente o que nos contan e preguntando polo significado das palabras que non entendemos, lendo, explicando detalladamente as nosas ideas...

Pero tamén existen moitísimos xogos divertidos coa linguaxe que podemos facer en sitios diferentes e con pais, amigos, curmáns...

Algúns destes xogos consisten, por exemplo, en dicir palabras que empecen por «r» ou que non teñan a letra «o», palabras graciosas, palabras ao revés, facer frases con palabras opostas...

ACTIVIDADES

- 1 Pensa na palabra máis longa que coñezas. Escríbea nunha folla e combina as súas letras para formar outras diferentes.
- 2 Le o exemplo e amplía a seguinte oración tres veces engadindo só unha palabra cada vez: «Eu leo un conto». Exemplo:
 - a) Lucía come peixe.
 - b) Lucía come moito peixe.
 - c) Lucía come sempre moito peixe.
 - d) Lucía come sempre moito peixe azul.
- 3 Coñecedes algúun xogo coa linguaxe? Elixide un na clase e xogade.




O ritmo e a entoación

Xa aprendemos que a comunicación non se realiza só con palabras. Nela interveñen outros aspectos, como os xestos da cara e os movementos do corpo. Pero tamén son importantes o ritmo e a entoación.

Cada lingua ten un ritmo propio, que define a súa sonoridade particular. Por exemplo, cun pouco de experiencia, podemos distinguir o francés do alemán, aínda que non entendamos ningún dos dous.

Ademais, o noso estado emocional lévanos a utilizar unha entoación e un ritmo diferentes; é dicir, falamos de maneiras diferentes cando estamos tristes, alegres, enfadados... Pola entoación, sabemos como sente a persoa que fala ou a que lle quere dar máis importancia.

Talvez, mentres estamos conversando non poñemos atención, pero si nos chama a atención cando, por exemplo, nos contan un conto. Se se entoa ben, sentiremos as emocións dos protagonistas e comprenderemos mellor as súas situacións. Por iso é tan importante que aprendamos a ler ben, porque entenderemos mellor e gozaremos moito máis.



ACTIVIDADES

- 1 Lede na clase o poema do lado e aplaudídelles aqueles compañeiros e compañeiras que o entoén moi ben.
- 2 Escribe ti agora un texto (un poema, unha canción, unha historia, un conto de terror...), leo na clase e intenta transmitirlles aos teus compañeiros e ás túas compañeiras as túas emocións co ritmo e a entoación.
- 3 Buscade as instrucións dalgún electrodoméstico que teñades na casa e lédeas na clase. Transmiten algunha emoción? Con que ritmo e entoación se len?

Canción de inverno

Cantan. Cantan.
Onde cantan os paxaros que cantan?
Choveu. Aínda as ramas
están sen follas novas. Cantan. Cantan
os paxaros. Onde cantan
os paxaros que cantan?

Non teño paxaros en gaiolas.
Non hai nenos que os vendan. Cantan.
O val está moi lonxe. Nada...

Eu non sei onde cantan
os paxaros —cantan, cantan—
os paxaros que cantan.

Juan Ramón Jiménez. (Tradución).